

LU - 05

ENTIDADE/S DE CERTIFICACIÓN DE CONFORMIDAD
MUNICIPAL (ECCOM)
REXIME DE LICENZA DE OBRASCONCELLO
DE TEO
Urbanismo

1. Datos do Interesado/a

DNI-NIF/CIF/NIE:	Nome e apelidos/Razón social:				
Rúa:	Núm.:		Escaleira:	Andar:	Porta:
CP:	Municipio:	Provincia:	Teléfono:		
Correo electrónico:					

2. Datos do Representante

DNI-NIF/NIE:	Nome e apelidos:				
Rúa:	Núm.:		Escaleira:	Andar:	Porta:
CP:	Municipio:	Provincia:	Teléfono:		
Correo electrónico:					

3. Datos de notificación

Persoa a notificar	☐ Solicitante ☐ Representante
Canle de notificación	☐ Notificación electrónica: (NOTIFICAL.GAL, DEHÚ...)
	☐ Por correo postal na dirección: (obligatorio para as persoas obrigadas segundo artigo 14.2 da lei 39/2015)

4. Datos da edificación o da parcela

Referencia catastral (RC)					
Rúa:	Núm:		Escaleira:	Andar:	Porta:
Polígono:	Parcela:	Localización:			

5. Datos do proxecto

Título:	
Redactor:	
Data do visado:	Superficie total construída:

6. Datos do proxecto

- | | | |
|--|---|---|
| ☐ Vivendas unifamiliares ou catalogadas | ☐ Naves industriais | ☐ Intervencións en inmoables BIC |
| ☐ Vivendas colectivas | ☐ Movementsos de terras | |
| ☐ Outros | ☐ Obras de rehabilitación ou reconstrución | |

7. Descrición das obras

8. Orzamento das obras

Orzamento de execución material promotor:	Orzamento de execución material final das obras:
---	--

ALCALDÍA DO CONCELLO DE TEO

Concello de Teo, Travesía de A Ramallosa 38, 15883 Teo, A Coruña Tlf. 981815700 <https://sede.teo.gal/sxc/es>



Unha vez presentado ante o concello e de acordo co previsto no artigo 49 do Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, substitúe para todos os efectos a responsabilidade da persoa titular da instalación, actividade, establecemento ou obra en relación coa conformidade destes coa normativa aplicable no ámbito municipal pola responsabilidade da entidade que emitiu a certificación.

Malia o previsto no punto anterior, a realización pola persoa titular da instalación, actividade, establecemento ou obra de modificacións nas condicións deste ou a alteración dos seus elementos con posterioridade á emisión do certificado de conformidade, sen axustarse ao procedemento legalmente establecido, eximirá de responsabilidade a entidade de certificación de conformidade municipal respecto dos aspectos obxecto de modificación ou alteración.

O contido dos certificados de conformidade non ten carácter vinculante para os servizos técnicos municipais nin para os órganos municipais con competencia na materia.

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta Administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude, salvo que manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que deberá achegar dita documentación:

☐ Non autorizo o acceso

En Teo, a de de 20

Sinatura da persoa interesada e/ou do seu representante (só no caso de solicitude presencial)





Don/a

DECLARA BAIXO A SÚA

RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta no presente escrito:

- ☐ Que é certo canto subscribe e que achega todos os documentos que relaciona, así como a licenza urbanística solicitada cumpre en todos os seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación.
- ☐ Que coñecen os principios de actuación da entidade, os requisitos do persoal que a integra e as súas funcións.
- ☐ Que dispoñen dos devanditos recursos que xustifican o cumprimento da entidade para ser unha ECCOM na C.C.A.A de Galicia.
- ☐ Que coñecen as obrigas específicas fronte ao concello para os que realicen funcións de colaboración no exercicio das competencias municipais de comprobación e inspección.
- ☐ Que AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza urbanística.

9. Tipo de documentación xeral que se aporta

- ☐ As entidades de certificación de conformidade municipal declararán, de ser o caso, a conformidade da instalación, establecemento, actividade ou obra coa normativa aplicable no ámbito municipal mediante un certificado de conformidade, co seguinte contido mínimo:
 - ☐ Identificación da entidade que o expide.
 - ☐ Identificación da instalación, establecemento, actividade ou obra sobre o cal se emite o certificado.
 - ☐ Identificación do expediente de solicitude de licenza en que se integra.
 - ☐ Identificación da normativa de aplicación.
 - ☐ Adecuación da solicitude de licenza ás normas xerais, sectoriais, urbanísticas e técnicas que resulten de aplicación a esta.
- ☐ Autorización ou informes sectoriais preceptivos.
- ☐ Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

10. Tipo de documentación que se aporta

- ☐ Proxecto básico de obras.
 - ☐ obras para o desenvolvemento dunha actividade.
- ☐ Proxecto básico e de execución de obras.
 - ☐ obras para o desenvolvemento dunha actividade.

10. Autorización Colexios Profesionais

Autoriza ao Concello ao acceso telemático ao colexio profesional
para a obtención dos traballos técnicos dixitais que son obxecto desta solicitude

- ☐ Si Número de expediente
- ☐ Non Traballos (números)



CONSIDERACIÓNS

As solicitudes de licenza que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do chan ou do subsolo poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o plan aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada nos termos que se establezan regulamentariamente, e rexistrada no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente da consellería competente en materia de urbanismo.

Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade nos termos establecidos no presente artigo, dita certificación terá a mesma validez e efectos que os informes técnico ou xurídicos municipais, que se entenderán substituídos por dita certificación.

O prazo de resolución do procedemento será dun mes, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do Concello.

O órgano municipal competente outorgará a licenza asumindo a certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable da entidade de conformidade municipal que acredite expresamente que o proxecto foi sometido a esa verificación favorable.

As entidades de certificación de conformidade municipal serán as únicas responsables fronte ao concello do contido das certificacións emitidas e a súa actuación substitúe á responsabilidade das demais persoas interesadas.

INTRUCCIÓNS PARA ENCHER O IMPRESO

1. Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Comunidade de Propietarios: DNI (ou documento que faga as súas veces) do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da Comunidade, DNI do administrador e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Ademais acta do nomeamento do presidente ou acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.

2. Datos identificativos da parcela:

- Identifique a parcela con precisión mediante a referencia catastral. Se isto non fose suficiente, debe achegar a documentación gráfica precisa que a identifique de forma inequívoca.

3. Taxa pola expedición da licenza de edificación:

- Ata 200 m² construídos 0,30 €/m².
- De 200 m² construídos ata 1.000 m² construídos 1,50 €/m² deste tramo.
- Máis de 1.000 m² construídos 2,16 €/m² deste tramo.
- Cando non se acade a contía mínima de 60€ 60,00 € taxa mínima.

Antes de presentar esta solicitude, deberá aboar os tributos municipais, definidos na ordenanza fiscal para cada tipo de obra/actividade.

O pago deberá efectualo a través do Portal tributario do Concello de Teo e rexistrar o xustificante de pago.

Lembre imprimir o impreso a dobre cara.

Para máis información pode vostede contactar co Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:
Travesía de A Ramallosa, 38. 15883 Teo, A Coruña
Teléfono: 981 815700
Correo: urbanismo@teo.gal

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPd 2016/679 E LOPDGD 3/2018)

Responsable do tratamento	CONCELLO DE TEO
Finalidade do tratamento	A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma
Lexitimación para o tratamento	Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1 a) do RXPd) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1 e) do RXPd)
Destinatarios dos datos	As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude
Prazo de conservación	Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica. Máis información na sección: Dereitos sobre Protección de Datos.
Contacto delegado de protección de datos e información adicional	dpd@teo.gal